

Habitar as illas


Habitar as illas é a obra gañadora do último “Premio de Narración Curta” Ricardo Carvalho convocado polo Concello de Ferrol. Consta de dous relatos: “Diario dun buscador de libros” e “A illa” que terán como nexo común, e que dará certa unidade “esencial” á obra, o lirismo e toque romántico que é tan do gusto de Pereiro.

De feito, a primeira narración alberga a súa historia de amor a través da literatura romántica decimonónica. Libros de vello, con historias de sempre que adquiren un interese especial cando o protagonista, Paulino, descobre que nas marxes dos libros que adquiriu nunha librería de vello, aparece unha historia paralela da propietaria dos mesmos, Nerea Carballal. Paulino e o seu amigo Miguel, aínda que este último dun xeito nada explícito en canto o seguimento da súa historia, mergúllanse nas experiencias de Nerea nas diferentes relacións afectivas que se van desenvolvendo ao redor dela e do seu círculo familiar, todas

Con romantismo e bo gusto



HÉITOR MERA



cun marcado desgarrado. O noso protagonista vaise metendo tanto na lectura, a través das pescudas e da busca de novos libros de Nerea onde

completar o puzzle, que chega a contactar cos involucrados na trama amorosa a través da pretendida compra da casa onde se deron os feitos. Romantismo tinguido de certo ar de obsesión que, dalgunha

maneira, nos lembra e renova nun xénero que está proscrito nos andeis das nosas bibliotecas como unha realidade literaria ancorada no pasado.

Á súa vez, “A illa” é unha sucesión de experiencias que lle van acon-

tecendo a uns personaxes que, en principio, non teñen nada que ver entre eles. De feito, o único que teñen en común é un penedo preto da costa ao cal dirixen todos a vista unha vez exposto o seu problema ou circunstancia, que os leva á melancolía ou incluso a certa ilusión pouco perdurable. A illa ven ser símbolo das relacións entre todos eles e que, a medida que van avanzando nas súas respectivas historias, convértese nun grande eido de relacións tormentosas: unha grande insula, pois, que acabará en evidente conclusión simbólico-desastrosa para todo aquel que teña a dor como elo importante nas relacións amorosas, do tipo que sexan, e que son quen de sentir a impotencia polo amor danado, perdido, sen esperanza.

Romantismo e bo gusto literario o de Paulino Pereiro que nos agasalla cunha pequena xoia de lectura intensa a través dun estilo logrado e adecuado ao texto que pretendía.

PEREIRO, Paulino, Habitar as illas, Ed. Laiovento, Santiago, 2005, 87 páxinas